

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Resolución do 18 de abril de 2007, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo da comisión negociadora do convenio colectivo para o persoal laboral de Portos de Galicia.

Visto o acordo acadado pola comisión negociadora do convenio colectivo para o persoal laboral do ente público Portos de Galicia, na reunión que tivo lugar o 19 de xaneiro de 2007, referente á modificación dos artigos 19 e 20 do convenio colectivo, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, a Dirección Xeral de Relacións Laborais

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición do devandito acordo no rexistro xeral de convenios desta dirección xeral.

Segundo.-Remitir o texto orixinal ao correspondente servizo deste centro directivo.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2007

Pilar Cancela Rodríguez
Directora xeral de Relacións Laborais

ANEXO

Acta da reunión realizada o 19 de xaneiro de 2007 co obxecto de acadar acordo de modificación dos artigos 19 e 20 do I convenio colectivo de Portos de Galicia.

Lugar de realización: sala de reunións da dirección dos servizos centrais (Santiago de Compostela).

Hora: 14.00.

Asistentes:

-Pola empresa:

Ana Isabel Calzadilla Bouzón, directora.
Reyes Rodríguez Sanz, xefa do dpto. de RRHH.

-En representación dos traballadores:

Polo comité de empresa da provincia da Coruña:
Juan Carlos Pérez Oviedo
Concepción Maceira Mirás
Pedro Urquijo Gómez
Ricardo Tomé del Río

Valentín Domínguez Fernández, escusa a súa non-asistencia

O delegado de persoal da provincia de Pontevedra:
José Juan Baulde López.

O delegado de persoal da provincia de Lugo, escusa a súa non-asistencia.

Reunidos na data, lugar e hora sinalados, apróbase por unanimidade a modificación dos artigos 19 e 20

do I convenio colectivo para o persoal laboral de Portos de Galicia, cos seguintes contados:

Inclúese un novo punto no artigo 19 co seguinte contido:

«Así mesmo, os/as traballadores/as terán dereito a un día hábil adicional de vacacións ao cumprir quince anos de servizo e engadirse un día hábil ao cumprir os vinte, vinte e cinco e trinta anos de servizo, respectivamente, ata un máximo de catro. Non se considerarán como días hábiles os sábados, sen prexuízo das adaptacións que se establezan para os horarios especiais».

A alínea e) do artigo 20 queda redactado do seguinte xeito:

«O/a traballador/a, por lactación dun/dunha fillo/a menor de 9 meses, terá dereito a unha hora diaria de ausencia do traballo. Este período de tempo poderá dividirse en dúas fraccións ou substituírse por unha redución da xornada dunha hora.

Así mesmo, coa finalidade de atender o seu fillo/a menor de nove meses, os/as traballadores/as que expresamente o soliciten terán dereito á acumulación en xornadas completas destas horas de ausencia, debendo exercer a opción da súa utilización, ben de maneira continuada tras o descanso por maternidade ou ben polo desfrute dun día á semana a partir da finalización deste descanso».

Sendo as 14.50 horas, péchase a sesión, e asinan os asistentes:

Directora: Ana Isabel Calzadilla Bouzón.

Xefa do dpto. de RR.HH: Reyes Rodríguez Sanz.

Presidente do comité de empresa da provincia da Coruña: Juan Carlos Pérez Oviedo.

Delegado de persoal da provincia de Pontevedra: José Juan Baulde López.

Miembros do comité de empresa da provincia da Coruña: Concepción Maceria Mirás

Pedro Urquijo Gómez

Ricardo Tomé del Río

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

Orde do 24 de abril de 2007 de subvencións aos concellos en materia de erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007 e modificación parcial das bases da convocatoria recollidas na Orde do 21 de xuño de 2006.

A conselleira de Vivenda e Solo aprobou, por Orde do 21 de xuño de 2006, publicada no DOG nº. 129, do 5 de xullo, as bases reguladoras das subvencións en materia de chabolismo, en desenvolvemento do Decreto 266/1989, do 23 de novembro, de desenvolvemento da Lei 5/1989, do 24 de abril, de medidas

para a erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta disposición abre o prazo de presentación das solicitudes, indica o importe máximo das subvencións, actualiza o procedemento para publicar os convenios e subvencións de acordo coa Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas da Administración pública galega, e identifica as partidas orzamentarias en que figuran os créditos que amparan esta orde.

A conselleira de Vivenda e Solo actúa no exercicio das competencias que ten atribuídas en virtude do Decreto 232/2005, do 11 de agosto.

Logo dos informes preceptivos, e en uso das referidas autorizacións,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto abrir a convocatoria de subvencións a fondo perdido en réxime de concorrencia non competitiva, aos concellos en materia de erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007, establecer o prazo de presentación de solicitudes, modificar o prazo de resolución, actualizar o procedemento relativo á publicidade dos convenios e subvencións, indicar o importe máximo das subvencións e identificar as partidas orzamentarias en que figuran os créditos que amparan a convocatoria de subvencións, de acordo coas bases reguladoras establecidas na Orde do 21 de xuño de 2006, publicadas no DOG nº 129, do 5 de xullo.

Artigo 2º.-Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta disposición e rematará o 29 de xuño de 2007.

Artigo 3º.-Consignación orzamentaria e importe máximo.

O importe máximo das subvencións para alugueres será de 200.000 euros, con cargo ao exercicio orzamentario do 2007.

O importe máximo para as subvencións de fomento da promoción e adquisición da propia vivenda e promoción de vivenda por outros promotores públicos será de 500.000 euros con cargo ao exercicio orzamentario de 2007, 500.000 euros no exercicio orzamentario 2008, 400.000 euros no exercicio 2009 e 400.000 euros no exercicio 2010.

Estas subvencións instrumentaranse financeiramente a través do crédito que figura consignado, no vixente orzamento de gastos da Consellería de Vivenda e Solo, para esta finalidade na aplicación 17.02.451B.460.0 para subvención de alugueres e na aplicación 17.02.451B.760.0 para as subvencións de fomento da promoción e adquisición da propia vivenda e promoción de vivenda por outros promotores públicos.

Artigo 4º.-Prazos de resolución.

Modifícase o artigo 13 da Orde do 21 de xuño de 2006, que quedará redactado da seguinte maneira:

De acordo co artigo 42.2º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, o prazo máximo establecido para resolver e propoñer a sinatura do correspondente convenio será de seis meses, contados desde a presentación da solicitude.

Artigo 5º.-Publicidade.

Modifícase o artigo 15 da Orde do 21 de xuño de 2006, que quedará redactado da seguinte maneira:

1. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, o concello solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas no devandito rexistro, así como as sancións impostas, de ser o caso.

2. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos concellos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2007.

Teresa Táboas Veleiro
Conselleira de Vivenda e Solo

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 9 de maio de 2007 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), que aproba as bases reguladoras do Programa de Apoio á Innovación das Pequenas e Medianas Empresas (Programa Innoempresa) en Galicia e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2007.

O Consello de Dirección do Igabe, na súa xuntanza do 22 de febreiro de 2007, acordou por unanimidade dos membros asistentes a aprobación das bases reguladoras do Programa de Apoio á Innovación das